



ANUNCIO

Aprobación das bases de selección para a contratación de catro oficiais de segunda de albanel e un operario/a de servizos múltiples para cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no exercicio de 2018.

Faise público que por Resolución da Alcaldía n.º 908/2018 de data 02/08/2018, se aprobaron as bases de selección para a contratación de catro oficiais de segunda de albanel e un operario/a de servizos múltiples para cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no exercicio de 2018, pola que se modifigan as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía n.º 743/2018, de data 20/06/2018, que se transcriben literalmente:

“BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE CATRO OFICIAIS DE SEGUNDA DE ALBANEL E UN OPERARIO/AS DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES NO EXERCICIO DE 2018”

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

Por Resolución Alcaldía n.º 743/2018, de data 20/06/2018, aprobaronse as bases de selección de tres oficiais de segunda de albanel e dous operarios/as de servizos múltiples para cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Vimianzo, de data 20 de xuño de 2018.

No obstante unha vez iniciado o proceso de selección, logo da publicación da listaxe provisional só hai un candidato para os dous postos de operarios/as de servizos múltiples polo que se solicitou a modificación da Resolución pola que se concede a subvención (Programa de Integración Laboral anualidade 2018, da Deputación provincial da Coruña) que financia estas contratacóns; amortizando un operario de servizos múltiples por un oficial de segunda de albanel (5,5 meses), na que existen suficientes candidatos e mantendo o resto invariable.

Á vista do exposto, o obxecto desta convocatoria é a selección e posterior contratación de catro (4) oficiais de segunda de albanel, un por 5,5 meses e tres por 5 meses, e un (1) operario de servizos múltiples, por 5,5 meses, a xornada completa (40 horas semanais).

As prazas son de persoal funcionario interino por execución de proxectos de carácter temporal (art. 10.1.c) do RDLex. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Encádranse no proxecto nomeado “Plan de Emplego Local” financiado pola Deputación da Coruña, que ten unha duración máxima de 5,5 meses e, en todo caso, finaliza o 31 de decembro de 2018.

As tarefas a realizar polos oficiais de segunda de albanel son as seguintes:

- Pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas coa pavimentación de vías públicas, parques, acceso a núcleos de poboación, rede de sumidoiros, abastecemento domiciliario de auga potable e alumeadío público nas 14 parroquias do concello.
- Enganches de auga e de rede de sumidoiros no núcleo urbano de Vimianzo e en varias parroquias.
- Labores de mantemento e pequenas reparacións en beirarrúas do núcleo de Vimianzo e nas parroquias.
- Colocación de plaquetas en beirarrúas.
- Labores de pavimentación de vías públicas en núcleos rurais.



CONCELLO DE
VIMIANZO

- Pequenas reparacións de mobiliario urbano, sobre todo bancos.
- Colaboración na colocación de sinais.

As tarefas a realizar polo/a operario/a de servizos múltiples son:

- Limpeza de rúas, recollida de lixo, desbroces mecanizados, limpezas de camiños e vías, apoio ao equipo de alumeadoo público e abastecemento de auga potable nas 14 parroquias do concello.
- Limpeza de rúas.
- Recollida de lixo.
- Desbroces mecanizados.
- Apoio nas tarefas relacionadas coas celebracións do verán (transporte de valados e instalación, limpeza,...).
- Apoio a Protección Civil.
- Limpeza de maleza en pistas, camiños e outros espazos de uso público.

A contratación está financiada polo do *Programa de Integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de A Coruña durante o 2018*, con resolución de convocatoria publicada no BOP núm. 41, do 28/02/2018, e con resolución de aprobación de subvencións concedidas publicada no BOP núm. 98, do 25/05/2018. e a resolución da modificación solicitada.

Segunda.- Requisitos das persoas aspirantes.

Serán requisitos mínimos das persoas aspirantes a estes postos:

Requisitos xerais:

- 1) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007.
- 2) Posuir a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas.
- 3) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- 4) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Requisitos específicos

- 1) Estar en posesión do permiso de conducir B, ou aqueles outros equivalentes conforme á lexislación española.
- 2) Estar en posesión do permiso de conducir C, para o caso de operario/a de servizos múltiples.
- 3) As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e no momento da contratación, e atoparse nalgúnha das seguintes situacións de exclusión laboral:
 - a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.



- b) Maiores de 45 anos.
- c) Parados de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que levan un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que viven nun fogar onde ningúen teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestiós socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

Os anteriores requisitos xerais e específicos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

Terceira.- Duración e tipo de xornada.

A relación funcional será a xornada completa (40 horas semanais), con distribución de xornada segundo estableza a Alcaldía. Terá a seguinte duración:

- 1) Un (1) oficial de segunda de albanel, por 5,5 meses.
- 2) Tres (3) oficiais de segunda de albanel, por 5 meses.
- 3) Un (1) operario de servizos múltiples, por 5,5 meses.

Cuarta.- Retribucións.

As retribucións estipuladas serán de 1.236,08 euros brutos mensuais (cantidad que inclúe o salario e as pagas extras prorrteadas).

Quinta.- Sistema de selección.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso-oposición.

- 1) **Fase de concurso (ata un máximo de 2 puntos)**
 - a) Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas, ata un máximo de 1,50 puntos, a razón de 0,50 puntos por programa rematado.
 - b) Formación en Prevención de Riscos Laborais, ata un máximo de 0,25 puntos (só se valorará o de máxima puntuación, sen acumular):
 - i. Curso de menos de 60 horas: 0,10 puntos
 - ii. Curso de 60 ou máis horas: 0,25 puntos.
 - c) Coñecemento do galego ata un máximo de 0,25 puntos: outorgarase esta puntuación ás persoas candidatas que presenten documentación acreditativa de estar en posesión de Celga 2 e, para os que non o teñan, realizarase unha proba para comprobar o coñecemento do galego que terá como puntuación máxima 0,25.



A documentación que se presente para acreditar os requisitos e méritos deberá ser copia simple.

2) Fase de oposición (ata un máximo de 8 puntos)

Realizaranse probas nas que se poñan de manifesto os coñecementos e habilidades para desenvolver os postos referidos en bases anteriores, ata un máximo de 8 puntos, distribuídos da seguinte maneira, segundo o tipo de posto:

OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES

1º.- Proba tipo test cunha puntuación de ata 1 punto. Ten por obxectivo avaliar os coñecementos teóricos nas seguintes materias:

- 1.- O Municipio de Vimianzo: xeografía, cultura e historia.
- 2.- os municipios. Competencias e órganos de goberno.
- 3.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- 4.- Conceptos básicos en mecánica.
- 5.- Xestión municipal de residuos.

2º.- Proba práctica cunha puntuación máxima de 7 puntos. Ten por obxectivo avaliar os coñecementos prácticos na limpeza de rúas, recollida do lixo, desbroces mecanizados, de manexo de medios do Grumir e doutras tarefas similares.

Para a valoración desta proba práctica, o tribunal poderá solicitar a colaboración/asesoramento de persoal municipal ou técnico externo con coñecementos en funcións similares ás do posto.

OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL

1º.- Proba tipo test cunha puntuación de ata 1 punto. Ten por obxectivo avaliar os coñecementos teóricos nas seguintes materias:

- 1.- O Municipio de Vimianzo: xeografía, cultura e historia.
- 2.- os municipios. Competencias e órganos de goberno.
- 3.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- 4.- Conceptos básicos en albanelería.
- 5.- Conceptos básicos en canteiría.

2º.- Proba práctica cunha puntuación de ata 7 puntos. Ten por obxectivo avaliar os coñecementos prácticos en albanelería.

Sexta.- Presentación de instancias e procedemento de selección.

Polo que respecta á selección dos operarios de servizos múltiples, de conformidade co principio de conservación de actos que rixe no procedemento administrativo común, teranse en conta neste novo proceso as solicitudes presentadas durante o anterior prazo de presentación de instancias.

No obstante, ábrese un novo prazo de presentación de instancias para os oficiais de segunda de albanel, para que presenten instancia de participación no prazo de cinco (5) días hábiles despois da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicarán na web e no taboleiro municipal. As persoas candidatas aos postos de oficiais de segunda de albanel deberán presentar, conforme ao modelo do anexo I, o xustificante dos méritos que aportan para a súa valoración no concurso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, de ser o caso, mediante resolución, aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, ao respecto dos postos de oficiais de segunda de albanel.

Polo que respecta ao operario/a de servizos múltiples, enténdense realizado dito trámite.

Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión. Nesta resolución incluirase a composición do tribunal.



Os aspirantes excluídos disporán do prazo de DOUS DÍAS HÁBILES para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas, a partires da publicación da listaxe provisional no taboleiro de edictos e na páxina web.

Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma. Na mesma indicarase a data, hora e lugar de celebración das probas.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recursos de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Sétima.- Tribunal cualificador.

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía – Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local), e en base ao establecido polo RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vimianzo

Secretario/a: unha funcionario/a de carreira do Concello de Vimianzo.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de, alomenos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso a presidencia e a secretaría ou persoas en que deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunas das circunstancias previstas no artigo 23 de lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos por elas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou os procesos selectivos un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, ánda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, só válido para a presente convocatoria. En canto ao posto de oficial de segunda de albanel, que ten unha duración de 5,5 meses, asignarase á persoa que acade unha maior puntuación no proceso selectivo.

6.- Unha vez realizadas as probas (test, proba práctica), publicaranse no taboleiro de anuncios os resultados acadados por orde de puntuación, e darase o prazo de dous días naturais para que as persoas interesadas presenten alegacións no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No mesmo prazo, as persoas aspirantes seleccionadas presentarán a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previstos na base 2^a, en orixinal ou copia compulsada, a saber:

Documento Nacional de Identidade



Permiso de conducir B

Permiso de conducir C, para as persoas aspirantes aos postos de operarios/as de servizos múltiples

Taxxeta de demandante de emprego actualizada

Informe de vida laboral actualizado

Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente para a acreditación, se é o caso, de ser persoa con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Informe dos servizos sociais municipais para a acreditación, se é o caso, das seguintes circunstancias:

En situación de drogodependencia

Vivir nun fogar onde ninguén teña emprego.

Fogar monoparental.

Ter problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

Ser vítima de violencia de xénero.

Ser persoa sen fogar.

Unha vez rematado o prazo anterior, o tribunal elevará proposta á Alcaldía coa relación das persoas que cumpran os requisitos para os postos de catro (4) oficiais de segunda de albanel e dun (1) operario de servizos múltiples, e que obtiveran a maior puntuación.

Estes aspirantes deberán pasar un exame médico que verifique a súa capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo, en vista do obxecto das tarefas a realizar, descritas na base de selección primeira. O resultado será apto ou non apto. Se non pasa o exame médico quedará eliminado, correndo a lista ao seguinte con máis puntuación, que tamén deberá pasar o exame médico.

Os restantes aspirantes que tiveran superado o dito proceso pasarán a integrar unha bolsa de reserva, para os casos de baixas, vacacións ou renuncia por parte de algunha das persoas contratadas neste proceso selectivo, que, se é o caso, deberán pasar un exame médico.

Oitava.- Formalización dos contratos.

A proposta do tribunal cualificación elevarase á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

O nomeamento da persoa aspirante seleccionada será competencia do Sr. Alcalde-Presidente, por resolución, debendo aquela tomar posesión do seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días dende o seu nomeamento.



ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN DE CATRO OFICIAIS DE SEGUNDA DE ALBANEL PARA CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS

Nome e apelidos..... DNI

Endereço Municipio

Teléfono Correo Electrónico

EXPOÑO:

- 1) Que teño coñecemento da publicación das bases para o proceso selectivo de catro oficiais de segunda de albanel e un operario de servizos múltiples para cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais, as cales accepto, e declaro que cumpro os requisitos xerais e específicos esixidos.
- 2) Que coñeo a lingua galega SI NON
- 3) Que teño nacionalidade española SI NON
- 4) Que cumpro o requisito de ter cumplidos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa SI NON
- 5) Que cumpro o requisito de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público SI NON
- 6) Que me encadro no seguinte colectivo, segundo a base segunda:
 Muller Maior de 45 anos Parado/a de longa duración
 Con discapacidade (mín. 33%) En situación de drogodependencia
 Fogar sen persoas con traballo Fogar monoparental
 Problemas para atopar emprego por idioma ou cuestións socioculturais
 Víctima de violencia de xénero Sen fogar

Por todo iso,

SOLICITO

Que teña por presentada a miña candidatura para o proceso de selección:

Oficial de segunda de albanel

Vimianzo, de de 2018

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIMIANZO



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Documento Nacional de Identidade
- Permiso de conducir B
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada
- Informe de vida laboral actualizado
- Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente para a acreditación, se é o caso, de ser persoa con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Informe dos servizos sociais municipais para a acreditación, se é o caso, das seguintes circunstancias:
 - En situación de drogodependencia.
 - Fogar onde ningúén ten emprego.
 - Fogar monoparental.
 - Ter problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestiós socioculturais.
 - Ser vítima de violencia de xénero.
 - Ser persoa sen fogar.

Bases propostas pola Alcaldía.

O que asino en Vimianzo.

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

Vimianzo, a 02 de agosto de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos